



Acta da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 3 de febreiro de 2023

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 03/02/2023
- II. Asistentes á CGIC do 03/02/2023

Ábrese a sesión ás 10 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 14 de decembro de 2022.**

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na sección INICIO / CALIDADE /

COMISION DE CALIDADE da web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. **Informe do Coordinador**

O Coordinador de calidade comenta as principais incidencias dende a sesión anterior:

➤ **Comunicacións da Área de Calidade**

- ✓ 31 xaneiro. Aclaracións sobre o SGC:
 - Información relativa ao estado dos Rexistros pendentes ao SGC do curso 2021/2022 e novo prazo de peche (10 de febreiro).
 - Avance das melloras na aplicación do SGC (filtrado por centro, etc.).
 - Información e recomendacións para o **IRPD 21/22**:
 - Requirimento da Valedora Universitaria referente á información sobre as **QSP** no IRPD (clasificación indicando se requiriron actuación de mellora ou se arquivaron sen necesidade de tomar ningunha medida).
 - **Enquisas satisfacción**: no 2021/2022 non se levaron a cabo ES das entidades empregadoras (modificación sistema medición) nin do PAS e PDI (bienais).
 - Indicadores pendentes de publicación: sen data (solicitados aos servizos informáticos).
- ✓ 2 febreiro: posta en marcha da **Enquisa de satisfacción do Alumnado sobre o desenvolvemento do TFG/TFM na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía**



- Poboación: alumnado egresado das titulacións oficiais da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no curso 2021/2022:
 - GERME: 7
 - GEE: 21
 - MUEM: 5
 - O curso pasado levouse a cabo para os egresados das 3 promocións anteriores.
 - Prazo: ata o 28 de febreiro.
- **Selo EUR-ACE convocatoria 2022: MUEM**
- ✓ 18 xaneiro. A área de calidade achega a **axenda da visita dos paneis da ENAEE e da ACSUG** (14 de febreiro).
 - 10:00-10:30 Presentación da Universidade de Vigo (Vicerreitora de Internacionalización).
 - 10:30-11:00 Presentación do MUEM (Directora emE - coordinadora do máster).
 - 11:00-12:30 Visita ás instalacións nas que se imparte o máster.

Temos que comunicar a relación de asistentes do centro a cada unha destas 3 sesións

 - 12:30-13:30 Observación e reunión entre os paneis da ENAEE e da ANECA.
 - 13:30-14:00 Observación da reunión do panel ANECA cos representantes do máster.
- **Comunicacións da Unidade de Análises e Programas / Publicacións no Portal de Transparencia**
- ✓ 30 decembro. Publicación no Portal de Transparencia de varios indicadores:
 - Formación e mobilidade do PDI; mobilidade PDI entrante.
 - Acceso ás titulacións de grao e posgrao: perfil e nota media
 - Taxas académicas das titulacións de grao e posgrao : éxito, avaliación, rendemento, abandono CURSA, cambio de estudos, captación, transición de grao a máster, eficiencia egresados, número egresados, duración media estudos.
- **Registros na plataforma do SGIC - Curso 2021-2022**
- ✓ A Área de Calidade adiou o peche da plataforma ao 10 de febreiro.
- **R1-PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais) (30/12/22)**
- ✓ **Informes EAD 21/22 por titulacións.** Dende a Área de Calidade indicaron o seguinte: *“os servizos informáticos trasladáronnos que estará dispoñible a longo da semana que ven. Ampliase o prazo da aplicación ata o 10 de febreiro para incluír este rexistro.”*
- **R2-PE02 P1 - Informe de responsables académicos (31/03/22)**
- ✓ Pechouse co comentario suxerido pola Área de Calidade: *“O informe dos resultados do programa DOCENTIA quinquenal 2014/15 a 2018/19, xa resolto, aínda non está*

dispoñible. Trátase dun informe xerado pola Área de Calidade que se publica na dirección web

<https://www.uvigo.gal/universidade/calidade/programas-calidade/docencia/programa-docencia> e que será analizado no IRPD do curso 2021/2022, que se elaborará e aprobará no primeiro trimestre de 2023”.

➤ **Registros na plataforma do SGIC - Curso 2022-2023**

- ✓ **R3- PE02 P1 - Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas (31/12/22)**
 - Proximamente enviarase un email pedindo a comunicación de necesidades á dirección do centro.
- ✓ **R1-IA01 - Listaxe de necesidades de recursos e servizos (31/01/23)**
 - En elaboración; tratarase na próxima sesión da Comisión de Calidade.

3. Aprobación, se procede, dunha modificación na composición da Comisión de Elaboración do Programa Estratéxico da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Presidenta lembra o proceso e sinala que na sesión precedente se aprobou a estrutura desta comisión e deixouse pendente a aprobación dos nomes concretos nos postos que non son por causa dun cargo. Ademais dos nomes propón engadir á comisión á Subdirectora de Difusión e Captación. A proposta de composición da comisión é a seguinte:

Representación	Cargo / Persoa proposta
Director/a do centro	Elena Alonso Prieto
Coordinador/a de calidade	Guillermo García Lomba
Coordinador/a de GERME	María Araújo Fernández
Coordinador/a de GEE	Francisco Javier Deive Herva
Coordinador/a de MUEM	Ana Rodríguez Rodríguez
Enlace Igualdade	Generosa Fernández Manín
Coordinador/a do PAT/PIUNE	Ángeles Domínguez Santiago
Representante do profesorado	Marta Cabeza Simó / Icíar Goicoechea Castaño
Representante dos departamentos con docencia no centro	Pablo Eguía Oller/Suplente pendente
Representante do estudantado de grao GERME	Pendente
Representante do estudantado de grao GEE	Pendente
Representante do estudantado de máster MUEM	Óscar Pereiro López

Representante do estudiantado egresado	Pablo Álvarez / suplente pendente
Representante da Administradora do centro	M ^a Carmen Romo Pérez
Representante da Sociedade	Diego López González / Juan José López Muñoz
Subdirector/a de Difusión y Captación	Raquel Pérez Orozco

Sinala que xa falou con todas as persoas propostas e que tratou de que houbera representación dos tres ámbitos da escola. Engade que dende delegación de alumnado aínda non atoparon representantes e indica que Pablo Álvarez é egresado das dúas titulacións de grao. Pide que se delegue na dirección o remate da composición. Sinala tamén que a idea é comezar o traballo de inmediato, facendo máis ou menos unha reunión por mes ata xullo. Engade que se algunha persoa quere incorporarse ao grupo de traballo ten as portas abertas.

A Comisión de Calidade aproba por asentimento a proposta delegando na dirección a incorporación das persoas que faltan.

4. Aprobación, se procede, dos rexistros do procedemento PE01 Xestión do PAS:

- a. R1-PE01 P1 Identificación das necesidades (de contratación) de PAS do centro**
- b. R2-PE01 P1 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro.**

A Presidenta cede a palabra ao Coordinador de Calidade, quen sinala que os documentos foron elaborados por Ana Cacheiro, Administradora do ámbito, e os comenta brevemente.

A Comisión aproba os dous rexistros por asentimento.

5. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10 horas e 29 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a tres de febreiro de dous mil vinte e tres.

Vº e Prace

A Presidenta

O Secretario

Elena Alonso Prieto

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 03/02/2023

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 3 de febreiro de 2023, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto (*)**, e trataranse os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 14 de decembro de 2022.
2. Informe do Coordinador.
3. Aprobación, se procede, dunha modificación na composición da Comisión de Elaboración do Programa Estratéxico da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
4. Aprobación, se procede, dos rexistros do procedemento PE01 Xestión do PAS:
 - R1-PE01 P1 Identificación das necesidades (de contratación) de PAS do centro
 - R2-PE01 P1 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro.
5. Rogos e Preguntas.

Vigo, 26 de xaneiro de 2023

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa **contrasinal 1DL6QsL (ele-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EE MINAS E ENERXÍA





ANEXO II

Asistentes á CGIC do 03/02/2023



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 3 de febreiro de 2023

Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudantado Egresado
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
Diego López González	Representante da Sociedade
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro